

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo ao establecido no artigo 23 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, con respecto ao sistema de selección concurso-oposición, indique a resposta correcta:

- A) A puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do sesenta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- B) A puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do treinta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- C) A puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do corenta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.
- D) A puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do cincuenta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo.

2. Indique cal é o órgano non colexiado superior de consulta e asesoramento da Consellería de Sanidade.

- A) O Consello Asesor de Pacientes de Galicia.
- B) O Consello Galego de Saúde.
- C) A Lei de Saúde de Galicia non contempla ningún órgano con tales características.
- D) O Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia.

3. No ámbito da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o prazo mínimo de conservación da información contida na historia clínica do paciente, que non deba de conservarse indefinidamente, é de:

- A) 5 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- B) 10 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- C) 8 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.
- D) 3 anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.

4. A quen corresponderá a iniciativa da reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia?

- A) Á persoa titular da presidencia da Xunta, ao Parlamento galego, a proposta dunha quinta parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.
- B) Á Xunta, ao Parlamento galego, a proposta dunha quinta parte dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.
- C) Á Xunta, ao Parlamento galego, por maioría absoluta dos seus membros, ou ás Cortes Xerais.
- D) Á Xunta e ao Parlamento galego, a proposta de dúas terceiras partes dos seus membros.

5. Segundo a Constitución, os actos do Rei serán referendados por:

- A) O Presidente do Goberno.
- B) Calquera dos membros do Consello de Ministros.
- C) A persoa herdeira á Coroa.
- D) O Presidente do Goberno e, no seu caso, polos Ministros competentes.

6. De acordo co Título Preliminar da Constitución española, contribúen á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios:

- A) Os partidos políticos.
- B) Os sindicatos de traballadores e as asociacións empresariais.
- C) As Forzas Armadas e os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.
- D) A cidadanía.

7. Cantos/as delegados/as de prevención deberá ter unha empresa de entre 101 e 500 traballadores/as?

- A) 2 Delegados/as de Prevención.
- B) 3 Delegados/as de Prevención.
- C) 4 Delegados/as de Prevención.
- D) O/A Delegado/a de Prevención será o/a Delegado/a de Personal.

8. A sede das institucións autonómicas fíxarase por unha Lei de Galicia para cuxa aprobación se require o voto favorable de:

- A) As dúas terceiras partes dos membros do Paralamento.
- B) As dúas terceiras partes dos membros da Xunta.
- C) As tres quintas partes dos membros do Parlamento.
- D) As tres quintas partes dos membros da Xunta.

9. De acordo co artigo 9 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, a información aos usuarios dos servizos do sistema sanitario público dos seus dereitos e deberes, é un deber de:

- A) Os servizos sanitarios.
- B) O Estado.
- C) As Comunidades Autónomas.
- D) Os poderes públicos.

10. Segundo o estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, é requisito para acceder á situación de excedencia voluntaria prestar servizos efectivos en calquera das Administracións públicas durante os...

- A) 2 anos inmediatamente anteriores.
- B) 5 anos inmediatamente anteriores.
- C) 4 anos inmediatamente anteriores.
- D) 6 años inmediatamente anteriores.

1. En que empresas ou centros de traballo se constituirá un Comité de Seguridade e Saúde de acordo coa normativa de prevención de riscos laborais?

- A) Naquelas empresas ou centros de traballo que conten con 100 ou máis traballadores/as.
- B) Naquelas empresas ou centros de traballo que conten con 30 ou máis traballadores/as.
- C) Naquelas empresas ou centros de traballo que conten con 60 ou máis traballadores/as.
- D) Naquelas empresas ou centros de traballo que conten con 50 ou máis traballadores/as.

2. A quen lle corresponde o control da constitucionalidade das leis do Parlamento de Galicia?

- A) Á Sala do Contencioso–Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- B) Á Comisión de Asuntos Constitucionais e Relacións co Goberno do Parlamento de Galicia.
- C) Ao Tribunal Constitucional.
- D) Ao Tribunal Supremo, previa deliberación do Consello Xeral do Poder Xudicial.